

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de setembro de 2023** Ás 17.48 horas do día 21 de setembro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. José Miguel Pérez Blecua

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona María Teresa Barge Bello que é substituída por don José Miguel Pérez Blecua.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN.-

De acordo co previsto nos artigos 135 e 138 do ROF, onde se dispón que a válida realización das sesións das comisións informativas require a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da comisión, titulares ou suplentes, en primeira convocatoria (e un mínimo de tres membros en segunda convocatoria unha hora máis tarde, e que en todo o non previsto serán de aplicación as disposicións sobre funcionamento do pleno, unha vez constatada a existencia de quórum suficiente, declárase validamente constituída a comisión.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, indica que ten un rogo, presentado por escrito, realizado pola directora do CEIP plurilingüe Carlos Cid Arregui de Rairiz de Veiga, solicitou a colaboración da Deputación de Ourense para que lle envíen dúas canastras e un tobogán posto que o orzamento do centro está moi axustado. Di se se pode atender a petición.

D.^a Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, responde que non consta ningunha solicitude formal rexistrada nesta Deputación. A directora solicitou unha reunión co presidente que será atendida en breve.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, indica que a solicitude foi rexistrada o día 9 de setembro.

D.^a Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, é posible que o remitiran por correo electrónico, pero o revisaremos.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta en que situación está a querela presentada polo ex-presidente do COB Pedro Fernández contra a Deputación.

O **Sr. presidente** responde que xa lle contestará por escrito xa que non ten agora os datos.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, indica que no Pleno de setembro de 2022, se aprobou unha modificación de créditos, expediente 6/2022 por importe de 580.000 €. para un macroproxecto de campos de fútbol, e a licitación tiña que ser este ano. De momento non sabe nada sobre os campos de fútbol, se teñen que seguir xogando na terra ou no céspede artificial.

O **Sr. presidente** responde que xa lle contestará por escrito, por non ter aquí os datos.

D. Alvaro Vial Araújo, do Grupo Socialista, indica que no anterior mandato se adoptou un acordo plenario no que se lle outorgou a medalla de ouro a Xosé Cid, e non lle consta que a día de hoxe se nomeara instrutor nin sabe como está o expediente e roga que se retome e se dea cumprimento ao acordo plenario adoptado.

E, ás 17.51 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.